



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN DE
CONSUMIDORES
DE GALICIA



Carrefour

BASES LEGAIS DE PARTICIPACIÓN NO SORTEO "O TEU DESEXO PARA 2024 Reducir o desperdicio de alimentos"

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA DO SORTEO

Unión de Consumidores de Galicia, con domicilio en Santiago de Compostela, Rúa Boiro, 3 1A no marco da súa actividade de control de mercado e estudo de hábitos de consumo pon en marcha un **sorteo** co fin de visibilizar situacións e desafíos que afrontan as persoas consumidoras e guialas cara un consumo máis responsable e sustentable e facelo desde as primeiras etapas da educación. Con ámbito autonómico e dirixido en exclusiva a centros da primeira etapa de educación infantil públicos ou privados, e a institucións dedicadas á protección de menores, residentes en Galicia, de acordo co disposto no apartado de condicións para participar.

2.- DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

O sorteo iniciarase o día 6 de novembro de 2023 e rematará ás 24:00 horas do día 13 de decembro do 2023.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DO SORTEO

Establécense dúas categorías, en diante categoría 1 e categoría 2.

Categoría 1: Nenos e nenas alumnos/as de escolas infantís de primeiro ciclo, de Galicia.

O obxecto do sorteo consiste na realización dunha composición a nivel de aula na que os nenos e nenas traten, co apoio do/a responsable da aula, de plasmar o desexo para o ano 2024, de reducir o desperdicio de alimentos. De acordo con isto, cada escola infantil poderá presentar tantas composicións como aulas dispoña a dita escola.

Os requisitos de participación serán os seguintes (deben cumprirse todos):

- o A escola infantil deberá remitir as composicións elaboradas por correo electrónico á conta de correo ucgaltv@gmail.com.
- o O correo deberá remitirse desde unha dirección da escola infantil e o asunto será:

"Participación no sorteo O teu Desexo para 2024: Reducir o



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN DE
CONSUMIDORES
DE GALICIA



Carrefour

desperdicio de alimentos, categoría Escolas Infantís".

Ademais deberá sinalarse unha persoa e un teléfono de contacto.

- o Un mesmo correo electrónico poderá incluír máis dunha composición sempre que fosen realizados por nenos e nenas de distintas aulas. Cada composición deberá indicar no seu anverso a escola infantil e aula que a elaborou. Cada composición contará cunha única participación.

Categoría 2: Nenos e nenas ate 12 anos que se atopen en situación de acollida en centros de protección de menores e/ou que reciban atención en centros de día de atención á infancia, de Galicia.

O obxecto do sorteo consiste na realización dun debuxo no que os nenos e nenas traten de **plasmar o desexo para o ano 2024, de reducir o desperdicio de alimentos.**

- o O centro deberá remitir os debuxos elaborados por correo electrónico á conta de correo ucgaltv@gmail.com.
- o O correo deberá remitirse desde unha dirección do centro e o asunto será: "Participación no sorteo O teu Desexo para 2024: Reducir o desperdicio de alimentos, categoría Centro Menores". Ademais deberá sinalarse unha persoa e un teléfono de contacto.
- o Un mesmo correo electrónico poderá incluír máis dun debuxo sempre que fosen realizados por distintos nenos e nenas. Cada neno e nena contará coa súa propia participación, pero non poderá remitirse máis dun debuxo por cada un/unha. Cada debuxo deberá incluír no anverso o nome do neno ou nena que o realizou.

4.-CONDICIÓN DO E PREMIOS

Finalizado o evento, procederase a un sorteo entre os/as participantes que cumprisen todos os requisitos mencionados no apartado 3. **O sorteo celebrarase o día 16 de decembro de 2023.**

A Unión de Consumidores de Galicia contactará coa escola ou centro agraciado no teléfono ou correo electrónico facilitado. Se transcorridas 48 horas desde a remisión de correo electrónico ou SMS a persoa agraciada non contactase con Unión de Consumidores de Galicia, procederase a asignar o premio á escola ou centro suplente.



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN DE
CONSUMIDORES
DE GALICIA



Carrefour

Ao finalizar o sorteo publicaranse os debuxos e composicións dos desexos gañadores nas redes sociais da UCGAL. Igualmente poderán ser publicadas nas de Carrefour e nas da Consellería de Política Social.

O premio na **Categoría 1** consiste nunha **TARXETA REGALO** por valor de 500 € trocable exclusivamente por xoguetes e/ou material escolar en calquera establecemento **Carrefour** de Galicia.

O premio na **Categoría 2** consiste nunha **TARXETA REGALO** por valor de 500 € trocable exclusivamente por xoguetes e/ou material escolar en calquera establecemento **Carrefour** de Galicia.

Os premios poderán ser entregados durante o desenvolvemento dun acto público no que poderán participar ademais dos/as premiados/as, representantes de Unión de Consumidores de Galicia (entidade organizadora), Carrefour (empresa patrocinadora) e da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (colaboradora na difusión do evento).

5.- LIMITACIÓNS

Se se evidenciase que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas Bases (en especial incumprir a temática prevista para os debuxos ou composicións), ou os datos proporcionados para participar non fosen válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos do sorteo, perdendo todo dereito sobre os premios outorgados en virtude deste evento.

O premio entregado non será transferible nin susceptible de cambios, alteracións ou compensacións a pedimento dos Participantes, non podendo ser trocado por calquera outro produto nin por diñeiro.

Unión de Consumidores de Galicia resérvase o dereito, se concorre xusta causa e previa comunicación en legal forma, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar este evento.

Establécese un prazo de QUINCE (15) días naturais desde a data da concesión do premio, para efectuar calquera reclamación motivada. Unión de Consumidores de Galicia resérvase, para o caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír o premio por outro de similares características.

6.- PUBLICACIÓN DE COMENTARIOS OU OPINIÓNS

Non se permitirán comentarios ou opinións cuxo contido se considere inadecuado,



**XUNTA
DE GALICIA**



**UNIÓN DE
CONSUMIDORES
DE GALICIA**



Carrefour

que sexan ofensivos, injuriosos ou discriminatorios ou que puidesen vulnerar dereitos de terceiros. Tampouco se permitirán comentarios contra un particular que vulneren os principios de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. Unión de Consumidores de Galicia non será responsable dos danos ocasionados polos comentarios que fagan os participantes no sorteo, e que en calquera momento puidesen ferir a sensibilidade doutros participantes. Calquera tipo de comentarios que a criterio de UCGAL non cumpra co establecido será eliminado.

7.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, Unión de Consumidores de Galicia non se responsabiliza das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar o desenvolvemento do presente evento, así como tampouco se responsabiliza do uso que fagan os centros e escolas participantes respecto do premio que obteña deste evento, e non asume responsabilidade algunha por ningún dano ou prexuízo de calquera tipo que puideren sufrir os centros ou escolas participantes, os seus usuarios ou persoal, así como terceiros.

Unión de Consumidores de Galicia non asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización do sorteo ou o goce total ou parcial do premio. No caso de que este evento non puidese realizarse, ben por fraudes detectadas na mesma, erros técnicos, ou calquera outro motivo que non estea baixo o control de Unión de Consumidores de Galicia e que afecte ao normal desenvolvemento do Sorteo, esta entidade resérvase o dereito para cancelar, modificar, ou suspender o mesmo, incluíndo a páxina web de participación.

8.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade responsable do tratamento dos seus datos é Unión de Consumidores de Galicia, con CIF G15160609 e domicilio en Santiago de Compostela, Rúa Boiro,3 1A.

Unión de Consumidores de Galicia tómase moi en serio a protección da súa privacidade e dos seus datos persoais. Por tanto, a súa información persoal consérvase de forma segura e trátase co máximo coidado.

De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN DE
CONSUMIDORES
DE GALICIA



Carrefour

que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, cada Participante, coa aceptación destas Bases Legais consente que os datos persoais facilitados para a participación neste sorteo sexan incorporados a un ficheiro titularidade de UCGAL para tramitar a participación no sorteo e para comunicarlle o premio no caso de que resultase Gañador.

Informámoslle de que os seus datos persoais de contacto serán utilizados coa finalidade de contactar coa/s persoa/s agraciada/s no sorteo.

Os Participantes teñen dereito a (i) acceder aos seus datos persoais, así como a (ii) solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión, (iii) solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, (iv) opoñerse ao tratamento dos seus datos e (v) solicitar a súa portabilidade. Os/as Participantes poden exercer todos estes dereitos mediante comunicación á seguinte dirección: Unión de Consumidores de Galicia, Rúa Boiro, 3 1A 15705 Santiago de Compostela, indicando o motivo da petición.

Sen prexuízo de calquera outro recurso administrativo ou acción xudicial, os Participantes terán dereito a presentar unha reclamación ante unha Autoridade de Control, en particular no Estado membro no que teña a súa residencia habitual, lugar de traballo ou lugar da suposta infracción, no caso de que considere que o tratamento dos seus datos persoais non é adecuado á normativa, así como no caso de non ver satisfeito o exercicio dos seus dereitos.

A Autoridade de Control ante a que se presentou a reclamación informará ao reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación.

9.- CAMBIOS

UCGAL resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos dos/as participantes no sorteo.

10.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Estas bases legais rexeranse de conformidade coa lei española. Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese exporse en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela.